

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto no artigo 52 do Regulamento da Cámara, solicitan a creación dunha **Comisión de Investigación** para a analizar e avaliar os resultados para o sistema financeiro galego da fusión das antigas caixas de aforros galegas e as causas e responsabilidades da súa transformación nunha institución bancaria de carácter privado, investigar a venda de Novagalicia Banco e a situación do crédito en Galiza, establecendo un prazo máximo de conclusións dos seus traballos de 6 meses, partindo do traballo realizado na IX Lexislatura, e abrindo un novo período de comparecencias e solicitudes de documentación.

A sensación inevitable que hoxe se ten sobre as caixas de aforro de Galicia é que, sendo unhas entidades xurdidas do núcleo mesmo da sociedade galega fai mais dun século, de ser elementos capitais que todos construímos durante logo tempo, desapareceron por circunstancias alleas á decisión maioritaria do pobo galego. Unha decisión política do presidente Feijoo que impulsou unha fusión fallida.

Sería longo referirnos aos bandazos políticos da Xunta de Galicia presidida por Feijoo en todo este proceso xurdido en relación as caixas de aforro galegas, sendo nese contexto, onde o Grupo Popular e o goberno autonómico decidiron adiar no Parlamento durante máis dun ano a creación dunha Comisión de investigación sobre as caixas galegas.

Cuestión esta que fora solicitada en varias ocasións polos grupos parlamentarios da oposición na Lexislatura anterior, obtendo a negativa por parte do Grupo Popular, maioritario na Cámara galega. As desculpas ou xustificacións para elo foron varias, sendo o mais común o argumento de que o momento non era o indicado, xa que estaba en marcha o proceso da recapitalización de NGB que se vería cuestionado pola investigación; pretexto que, vistos os feitos e resultados posteriores, de nada serviu.

No fondo se trataba unicamente dunha estratexia partidaria do Goberno galego e do Grupo Popular para gañar tempo; para que non se puxera en marcha a Comisión de investigación sobre o sucedido ca fusión das caixas galegas, antes da celebracións das eleccións autonómicas de 2012, adiantadas na súa convocatoria por decisión do Presidente Feijoo.

Por fin, ao principio da anterior Lexislatura, o Grupo Popular accedeu á creación desta Comisión de investigación; unha Comisión que debera terse constituído fai case que ano e medio antes, posto que entonces tería sido moito mais útil para os intereses xerais de Galicia que no momento no que se desenvolveu.

Inexplicablemente, e despois de sesións maratonianas de comparecencias no verán de 2013, a presentación do ditame de ponencia leva paralizado dende fai mis de tres anos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes solicitan a creación dunha Comisión de Investigación para analizar e avaliar os resultados para o sistema financeiro galego da fusión das antigas caixas de aforros galegas e as causas e responsabilidades da súa transformación nunha institución bancaria de carácter privado, investigar a venda de Novagalicia Banco e a situación do crédito en Galiza, establecendo un prazo máximo de conclusións dos seus traballos de 6 meses, partindo do traballo realizado na IX Lexislatura, e abrindo un novo período de comparecencias e solicitudes de documentación.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do Bloque Nacionalista Galego

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2016 16:23:31

Ana Pontón Mondelo na data 09/11/2016 16:24:50